

<i>Obradoiros para familias inquietas</i>		
A que saben as cores (Pintura saborosa) <i>Bebés de 0 a 36 meses</i>	5 de decembro 10.30h, 0 a 36 meses 11.30h, + de 30 meses	CSC José saramago de Vite
As cores sobre nós (Belly painting) <i>Especial para embarazadas</i>	16 de decembro, 17.30h	Casa das Asociacións
Máis que caricias (Masaxe infantil) <i>Bebés de 0 a 24 meses</i>	19 de decembro, 11.30h	Casa das Asociacións
A que saben as cores (Pintura saborosa) <i>Bebés de 0 a 36 meses</i>	23 de decembro, 17.30h	Casa das Asociacións
Aprender facendo: instrumentos musicais <i>Bebés de 0 a 36 meses</i>	30 de decembro, 17.30h	Casa das Asociacións

Os pais e nais saben que os bebés necesitan xogar e sentirse estimulados. Pero cando chega o momento de poñer en práctica este consello non sempre se atopa o tempo, a maneira ou a enerxía necesarios. Para resolver ese tipo de problemas, propoñemos unha opción moi útil: acudir a algún dos obradoiros que este Nadal propoñemos dende a Rede de Centros Socioculturais.

¿Qué beneficios aportan os nosos obradoiros para bebés?

Estimular a psicomotricidade do bebé

Fomentar a sociabilidade do bebé, pois comparten espacio con outras familias

Pasar un rato divertido co pai ou a nai (ou cos dous a un tempo) e aproveitar ese momento para fortalecer o vínculo afectivo con eles

Proporcionar ideas para que a familia aprenda a xogar e que os nenos non se aburran na casa

Nalgúns dos nosos obradoiros os nenos e os pais acabarán coas mans cheas de pintura y coa roupa lista para ir á lavadora. Procuraremos estimular a motricidade fina e de que o neno se familiarice cos conceptos de espacio, tamaño, cor, etc. Motivar aos nenos a crear prepáraos para unha aprendizaxe cada vez máis complexa e permítelles descubrir o mundo, xa que estas actividades axudan a favorecer o desenvolvemento dos pequenos a través dos sentidos e o movemento, fortalecendo os lazos de unión entre pais e fillos.

IMPORTANTE:

*Imprescindible estar apuntado.

*Cada obradoiro dispón de praza para 12 familias.

*Prazo de inscrición a partir do 1 de decembro ata esgotar prazas.

*Para o obradoiro *A que saben as cores* e *As cores sobre nós* traer roupa cómoda e preparada para mancharse.

*En caso de non poder asistir rogamos avisen o antes posible ao centro no que se desenvolve a actividade.

Medrar en familia

tamén en Nadal



Obradoiros para familias inquietas

Aprender facendo: instrumentos musicais

Un obradoiro no que aprenderás a realizar xoguetes sonoros para estimular ao teu bebé con diferentes materiais que todos temos pola casa. Algunhas das actividades deberán ser feitas polos pais, pero todos os xoguetes musicais resultantes serán para o goce e a aprendizaxe do teu fillo ou filla.

Os nenos aprenden xogando, e canto máis xogan máis desenvolven a súa capacidade de aprendizaxe e relación. Co xogo exploran, imitan, aprenden e descubren solucións. Cando xogamos con eles mostrámoslles sen palabras o moito que nos importan e esta é una das bases para construír a súa autoestima.

As cores sobre nós: Belly painting

A chegada dun bebé é unha das etapas máis emocionantes para a futura nai, pai, irmáns, irmás ... e aínda pode selo máis se comparten experiencias e traballan o campo emocional, como é o feito de decorar o ventre da embarazada con pinturas corporais. Esta actividade realizarase guiados por unha monitora especializada.

Tras esa primeira parte, realizarase unha sesión fotográfica do traballo realizado por cada familia, empregando en dita sesión un photocall polo que pasarán todos os participantes.

Esta actividade busca reforzar os vínculos familiares involucrando a distintos membros da familia, xa que a embarazada pode asistir acompañada da súa parella e dos seus fillos/as. Si ves con nenos/as faralos partícipes dun acontecemento familiar tan especial que lembrarán como unha experiencia na que eles tamén foron importantes.

A que saben as cores: Pintura saborosa

Un obradoiro para que os bebés experimenten co seu tacto, a súa vista e o seu gusto diferentes texturas, cores e sabores e as nais e pais aprendan a elaborar diferentes actividades para estimular a psicomotricidade e gozar de momentos cos seus fillos.

O xogo sensorial ten grandes beneficios para o desenvolvemento dos bebés: desenvolve a creatividade e o xogo imaxinativo e axúdalles a concentrarse. Por medio da manipulación aprenden a expresarse mellor e amplían vocabulario.

Este obradoiro está baseado na experimentación participativa, polo que recomendamos que os participantes traian unha muda para poder cambiarse ao rematar.

Máis que caricias: A masaxe nutritiva

As masaxes infantís proporcionan moitísimos beneficios tanto á mamá como ao bebé. A masaxe é unha linguaxe non verbal, a través da cal se transmite afecto e tenrura e se aprende a coñecer máis rapidamente os estados de ánimo dos/as nosos/as pequechos/as . É a arte da comunicacións a través das mans, das miradas, sorrisos, contacto, xogo,...

O bebé experimenta coa masaxe unha sensación de benestar non só física senón tamén emocional. A masaxe comunica amor e libera tensión, ademais de ter uns beneficios fisiolóxicos e orgánicos.